

## **OBRADOIROS COEDUCATIVOS PARA ESTABLECER RELACIÓNS BASEADAS NA EQUIDADE EN SECUNDARIA**

Esta actividade pretende potenciar as habilidades persoais e sociais no alumnado para o establecemento das súas relacións co obxectivo de que estean baseadas no respecto e no bo trato. Estes obradoiros coeducativos teñen como finalidade a prevención da violencia de xénero dende unha intervención constructiva marcada polo uso das competencias e o coñecemento dos recursos.

### **OBXECTIVOS**

Entrenarnos no recoñecemento e autoregulación das relacións de parella enfermas.

Revisar as causas da violencia de xénero.

Coñecer os recursos cos que contamos unha vez estamos ó tanto dalgún caso de violencia de xénero ou o padecemos na nosa persoa.

### **CONTIDOS**

As relacións amorosas sanas: elementos que as sustentan.

As relacións enfermas: a dominación, a violencia psicolóxica e a física, os ciumes, o chantaxe emocional.

Conflito e maltrato.

Posibilidades de reacción: como saír dunha relación enferma.

A violencia de xénero: en qué consiste e qué a sustenta.

Apoios e recursos cos que contan as mulleres que padecen a violencia de xénero.

### **DESTINATARIOS/AS**

Alumnado de cuarto de secundaria

### **METODOLOXÍA**

Dinámica, constructiva e participativa

### **ORGANIZA:**

Concellería de Igualdade

### **COFINANCIA:**

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria